

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

|                   |                                                                                                                                                                                                        |
|-------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>EXPEDIENTE</b> | 2025022962                                                                                                                                                                                             |
| <b>ASUNTO</b>     | Outorgamento directo dunha concesión demanial para a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra á empresa Pepe Vieira, S.L., por razóns excepcionais, ata o 30 de setembro de 2025. |
| <b>TRÁMITE</b>    | Concesión demanial.                                                                                                                                                                                    |

PMC/cpv

**O deputado delegado de Acción Comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN.**

A Deputación de Pontevedra, mediante Resolución Presidencial número 2014030790, de 24 de outubro de 2014, adxudicou, mediante procedemento aberto, a concesión demanial para a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra á empresa Pepe Vieira, S.L. (CIF: B36457224).

A concesión foi outorgada por un prazo de cinco anos, contados desde a sinatura da acta de inicio, que realizouse o 6 de abril de 2015, coa posibilidade de prórroga de outros cinco anos, que acordouse mediante Resolución Presidencial número 2020002785, de 16 de marzo de 2020.

Visto que, finalizado o prazo da concesión, con data 6 de maio de 2025, a xefa do servizo do Museo de Pontevedra, xunto co Vicepresidente primeiro da Deputación de Pontevedra, emite informe no que propón o outorgamento directo da concesión a Pepe Vieira, S.L.. Dito outorgamento realizaríase por razóns excepcionais, ata o 30 de setembro de 2025, co fin de garantir a continuidade deste servizo de interese xeral durante a celebración da Bienal de Arte. Xunto coa proposta, achega documento de características que rexerán a concesión.

Tendo en conta a memoria xustificativa emitida polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 8 de maio de 2025 (documento definitivo asinado con data 19/06/2025, co visto e praxe da Secretaría Xeral), segundo a cal o réxime xurídico aplicable é o patrimonial. Canto o procedemento, acudirase ao outorgamento directo previsto no artigo 137.4, letras c) e i) da Lei 33/2003, do 4 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, sendo a xustificación a seguinte:



“Vista a proposta do servizo xestor, debe sinalarse que devandito restaurante estivo prestando servizo de forma continuada durante os últimos anos, como parte da oferta cultural e de atención ao visitante do Museo, configurándose como un elemento complementario e integrado no funcionamento ordinario do centro.

Esta prestación cesou formalmente coa extinción da concesión, aínda que o espazo permanece equipado cos medios materiais do anterior concesionario, que segue en posesión efectiva do mesmo.

Neste contexto, concorren unha serie de circunstancias que, de forma excepcional, xustifican a necesidade de manter de maneira transitoria a actividade de restauración, mediante unha concesión demanial outorgada por adxudicación directa, limitada ao período comprendido ata o 30 de setembro de 2025.

Durante os próximos meses o Museo Provincial acollerá a celebración da Bienal de Arte, un evento de máxima relevancia para a provincia, que atraerá un número considerable de visitantes e reforzará a actividade institucional do Museo. A iso súmase a campaña estival, época de alta afluencia turística, que esixe a dispoñibilidade plena dos servizos que ofrece o equipamento museístico, entre eles o de restauración.

Doutra banda, está previsto que a partir do mes de outubro se realicen obras no propio espazo do restaurante, motivo polo cal non resulta procedente iniciar un procedemento de licitación neste momento, xa que os posibles novos licitadores non poderían dispoñer do local en condicións de uso estable, nin xustificar unha amortización mínima da actividade.

Así mesmo, desde o punto de vista loxístico e operativo, tampouco é viable organizar nas semanas inmediatas un concurso que garanta a concorrencia efectiva nin a substitución do titular sen unha interrupción do servizo, máxime cando as instalacións actuais atópanse plenamente operativas e adaptadas, sendo ademais complexa a súa retirada e substitución por parte dun novo operador en tan breve prazo.

Con base no anterior, e ao obxecto de garantir a prestación dun servizo que contribúe directamente ao interese xeral, considérase xuridicamente posible e oportuno recorrer a unha fórmula excepcional de adxudicación directa, conforme ao establecido no artigo 137.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que permite dita modalidade cando concorran circunstancias especiais. Concretamente, resultan de aplicación os supostos recolleitos nas letras c) e i) do citado precepto:

- A letra c) autoriza a adxudicación directa cando o inmovible resulta necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral, situación que, neste caso, concorre de forma clara, ao tratarse dunha actividade vinculada ao funcionamento ordinario do Museo e á atención ao visitante.
- Por outra parte, a letra i) contempla a posibilidade de adxudicar directamente a favor do ocupante en supostos excepcionais, suposto que, por analogía, permite xustificar a continuidade provisional do uso por quen xa veu prestando o servizo, evitando así un cesamento brusco da actividade que prexudicaría ao interese público.

En consecuencia, propónse outorgar ao actual ocupante unha concesión demanial directa, por razóns excepcionais, con vixencia limitada ata o 30 de setembro de 2025, data na que está



prevista a execución das obras que afectarán o espazo e tras a cal poderá iniciarse un novo procedemento de adxudicación en réxime de concorrència.

Esta concesión deberá formalizarse mediante resolución expresa e contrato patrimonial específico, incluíndo as condicións de uso, as contraprestacións económicas e exprésaa exclusión de calquera posibilidade de prórroga, subrogación ou adquisición de dereitos preferentes.

Por todo o exposto, conclúese que, de acordo con o marco xurídico aplicable e as circunstancias conconrentes, procede a tramitación dunha concesión demanial directa, temporal e extraordinaria, ao amparo do artigo 137.4 da Lei 33/2003, co fin de garantir a continuidade dun servizo de interese xeral, sen prexuízo da futura convocatoria pública que haberá de tramitarse unha vez finalicen as obras previstas.”

Tendo en conta o artigo 90 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, segundo o cal a garantía definitiva que haberá de constituír o adxudicatario da concesión, dentro do prazo dos quince días seguintes á notificación, consistirá no 3 por 100 do valor do dominio público ocupado e, no seu caso, do orzamento das obras que haxan de executar.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18 de xuño de 2025, que conclúe o seguinte:

“Á vista do exposto infórmase favorablemente coas consideracións e sinaladas, das que destacamos o seguinte:

- Deberase incorporar ao expediente o Informe ou dilixencia de conformidade da Secretaría provincial.
- Segundo refire a providencia de incoación do expediente “as condicións para a explotación do servizo deberán ser as previstas nos pregos que rexeron a concesión anterior á empresa adxudicataria mesmos termos e condicións establecidas”. O carácter vinculante desta documentación debe recollerse de xeito expreso na resolución de outorgamento da concesión, sen prexuízo dos requisitos e condicionantes que, no seu caso, deban ser revisados e/ou actualizados, con especial referencia aos seguros esixibles, así como outras prescricións que puidesen resultar esixibles en aplicación do RBEL.
- Deberá recollerse na resolución de outorgamento da concesión a obriga do adxudicatario de pagamento do canon no prazo dun (1) mes desde o inicio da explotación. Este prazo será de aplicación sen necesidade de requirimento ou intimación previa por parte da Administración, sen prexuízo de que a efectos de facilitar o pagamento se poida notificar a carta de pago pola Intervención (xestión de ingresos) sen efectos interruptivos respecto do cómputo do prazo de pago.
- En aplicación do criterio da Dirección Xeral de Tributos (ConsultaV1933-24) enténdese que o canon deberase incrementar coa aplicación do IVE.
- Con carácter previo ao outorgamento da concesión incorporárase ao expediente a documentación acreditativa da constitución da garantía. Considerando o elevado



volume de débeda do proposto como concesionario derivada da concesión anterior, recoméndase que na resolución de autorización se recolla de xeito expreso a afectación da garantía para asegurar a cobertura da totalidade de obrigas a cargo do concesionario, entre os que se inclúe o pagamento do canon e calquera outro gasto a cargo de este vinculado coa explotación.

- Unha vez reflectidos os cambios sobre a proposta inicial deberase recadar previa conformidade do adxudicatario, ou, no seu caso, condicionar a efectividade do acordo de concesión á disposición da referida conformidade.
- Para futuros expedientes que teñan por obxecto a explotación do local obxecto da concesión proposta, debe procederse á división horizontal do inmovible no que respecta á parte afecta ao servizo de cafetería-restaurante e dotación das instalacións e equipamentos necesarios para a facturación e pagamento individualizado de calquera taxas, impostos ou consumos correspondentes coa explotación.”

Visto que consta no expediente constitución de garantía definitiva polo importe de e 7.325,00 euros, para responder da utilización privativa do inmovible obxecto de concesión, e asegurar a cobertura da totalidade de obrigas a cargo do concesionario, entre as que se inclúe o pagamento do canon e calquera outro gasto a cargo de este vinculado coa explotación (carta de pago núm. 12025000126329, de 2 de xullo de 2025) .

Visto o escrito presentado pola empresa Pepe Vieira, S.L. (Rexistro entrada WEB2025050096, de 3 de xullo de 2025), no que mostra a súa conformidade cos termos da concesión.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.1a); e da Resolución Presidencial núm. 2025000361, de 20 de xaneiro de 2025, de delegación de atribucións en Centros e Áreas de servizo desta Deputación, **RESOLVO:**

1. Aprobar o documento de características técnicas (CSV: ZPTBQ8T80UA8FU3T) que rexerá o outorgamento directo dunha concesión demanial para a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra a Pepe Vieira, S.L., con carácter temporal e excepcional.



2. Outorgar a Pepe Vieira, S.L. (CIF: B36457224), salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a concesión demanial para a explotación da cafetería e restaurante do Museo de Pontevedra, por razóns excepcionais, conforme as seguintes condicións:

Obxecto da concesión demanial: O inmovible obxecto da concesión é un espazo dos edificios Sarmiento (referencia catastral 9581402NG2998S0001YL) e Castela (referencia catastral 9581401NG2998S0001BL) do Museo de Pontevedra, abicado na Rúa Padre Amodeo Carballo, núm. 3, de Pontevedra, destinado a dar soporte a explotación dun servizo de cafetería-restaurante, con terraza.

O valor total do espazo obxecto da concesión ascende ao importe de 244.166,16 euros (Informe CSV: NIUIXWSVZPB2W4AE, de 18/06/2025).

Prazo de duración: O prazo máximo de duración da concesión é de 3 meses, contado desde a súa formalización ata o 30 de setembro de 2025. O concesionario recoñece a potestade provincial para acordar e executar o lanzamento unha vez decaído o título que habilita a ocupación.

Canon:

- Canon: 1.443,17 euros/mes
- IVE (21%): 303,07 euros
- **CANON TOTAL: 1.746,24 euros/mes**

O canon deberá abonarse a esta Corporación por mes natural anticipado, previa liquidación realizada pola Deputación, e ingreso na conta bancaria que para ese efecto lle sexa designada pola Tesourería Provincial.

O concesionario fará chegar ao servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación xustificante de ter procedido ao ingreso do devandito canon por calquera medio admitido en Dereito.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

**CONTRATACIÓN.- INTERVENCIÓN.- MUSEO DE PONTEVEDRA.- Pepe Vieira, S.L. (CIF: B36457224)**

